

A hand is shown in the center, pointing upwards with the index finger. The background is a solid blue color with a faint, light blue network diagram overlay. The diagram consists of several circular nodes connected by thin lines, with some nodes containing a person icon. The overall aesthetic is clean and modern, suggesting a digital or technological theme.

# PLAN DIXITAL

**CEIP GREGORIO SANZ**

## Índice do Plan Dixital

### 1. Introdución

- 1.1 Datos básicos do centro
- 1.2 Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto
- 1.3 Educativo do Centro
- 1.4 Breve xustificación do mesmo
- 1.5 Proceso de elaboración

### 2. Situación de partida

- 2.1 Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2 Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3 Análise DAFO

### 3. Plan de Acción

- 3.1 Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

### 4. Avaliación do PD

- 4.1 Seguimento do Plan de Acción
- 4.2 Propostas de mellora (revisión)

### 5. Difusión do PD

## 1.Introdución

### 1.1 Datos básicos do centro.

Tipo de centro: Público

Denominación oficial: CEIP Gregorio Sanz

Código do centro: 27010891

Provincia: Lugo

Enderezo: Avenida de Luarca 1, Ribadeo, Lugo.

Código Postal: 27700

Teléfono: 982870704

NIF: Q2768022B

Dirección de correo electrónico: [ceip.gregorio.sanz@edu.xunta.es](mailto:ceip.gregorio.sanz@edu.xunta.es)

Páxina Web: [www.edu.xunta.gal/centros/ceipgregoriosanz](http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipgregoriosanz)

A plantilla do Colexio está formada por 33 docentes dos cales 24 son profesores con destino definitivo, 6 con destino provisional e 1 profesor de relixión, adscritos como segue:

- 8 profesores de Educación Infantil
- 14 profesores de Educación Primaria (incluído 1 mestre de francés)
- 2 especialista en Pedagogía Terapéutica.
- 2 especialista en Inglés.
- 2 especialista de Audición e Linguaxe.
- 1 especialista en Ed. Musical.
- 2 especialista en Ed.Física.
- 1 Orientadora.
- 1 mestra de Relixión.
- 1 mestra de PROA

Actualmente o centro conta con 382 alumnos/as pero é unha cifra varía ao longo do curso.

## **1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución do PD ao Proxecto Educativo do Centro.**

O Ceip Gregorio Sanz atópase no concello de Ribadeo. Este é un centro está situado nun amplo recinto valado, limitando polo norte coa rúa Alfredo Deaño, polo leste a Avda. De Luarca. Os edificios máis próximos ó outro lado da rúa son, de Norte a Sur: o Pavillón Polideportivo Municipal, o CIFP Porta da Auga e o Estadio Pepe Barrera.

Polo Sur limita coa estrada de Santa Cruz e, polo Oeste con leiras de cultivo. É un complexo de varias edificacións, de Sur a Norte: casa do conserxe, oficinas, pequenos parques infantís con xogos, aulas comedor, cociña, ximnasio e pista cuberta.

O Concello de Ribadeo está situado ó Leste da Mariña Luguesa. Polo Leste limita co Principado de Asturias do que o separa a Ría de Ribadeo, ó Sur co de

Trabada e o de Vegadeo (Asturias), ó Oeste co Concello de Barreiros e ó Norte co mar Cantábrico.

Ten unha superficie de 112,3 Km<sup>2</sup>, e acolle unha poboación de arredor de 10.000 habitantes, entre os que residen na capitalidade do Concello e nas parroquias. A poboación estranxeira representa un 2,8% do total.

A poboación activa de Ribadeo distribúese fundamentalmente entre os sectores terciarios (cun 59,3 % dos ocupados) e secundario (24,7%).

O sector servizos da ocupación á maior parte da poboación ; sendo o sector primario, con un 16% dos ocupados, o que menos peso ten na economía local.

Ribadeo conta con oferta de infraestruturas e servizos culturais e deportivos localizados na capitalidade do municipio, das que poden gozar todos veciños.

Así hai que mencionar a existencia de pistas polideportivas, pavillóns polideportivos e piscina climatizada, todas elas de titularidade Municipal; existen varios clubs e asociacións privados dedicados á práctica de deportes como o tenis, remo, fútbol, ciclismo, baloncesto, deportes náuticos, etc.

Ademais conta cunha biblioteca- arquivo municipal cun fondo bibliográfico importante, varias salas de exposicións, Auditorio, Escolas Municipais deportivas e a Escola Municipal de Música , na que se forman os futuros compoñentes da Banda Sinfónica Municipal, dous Institutos de titularidade pública, o propio Gregorio Sanz que tenta aportar o seu gran de area como motor cultural, e outro centro concertado.

Tamén existen escolas de música, danza Galega, escola de Idiomas, de Adultos etc.

En canto ás características do alumnado temos que dicir que procede na súa maioría da capitalidade do concello; recolle alumnos/as dende os tres ata os 11/12 anos, é dicir, dende o 4º nivel de Educación Infantil ata o remate da Educación primaria.

Hai alumnado de nacionalidades distintas da española: marroquís, asiáticos e procedentes de América do Sur.

O Plan Dixital presentouse ao centro no curso 2021/2022 a través de un Plan de Formación de Profesorado. O equipo está composto por 3 membros e o seu obxectivo é coñecer e detectar as necesidades que poda ter o centro a nivel dixital, tanto en infraestruturas como de formación do profesorado en competencia dixital, e poder mellorar ditas necesidades a medio e longo prazo.

### **1.3. Breve xustificación do mesmo.**

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

Tamén temos que ter en conta a seguinte lexislación:

Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.

Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022.

Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

Para a elaboración do Plan Dixital teranse en conta os principios:

- a) A resposta á realidade social resultante do uso xeneralizado das tecnoloxías de comunicación en múltiples aspectos da vida cotiá.
  
- b) O enfoque cara unha comprensión integral do impacto persoal e social da tecnoloxía e unha reflexión ética acerca da relación entre tecnoloxías, persoas, economía e medio ambiente.
  
- c) A transformación dixital que inclúa unha visión da competencia dixital máis moderna e ampla, acorde coas recomendacións europeas relativas ás competencias clave para a aprendizaxe permanente.

#### **1.4. Proceso de elaboración.**

O Plan Dixital permitirá planificar a liña de formación e realizarase en base a información recollida do informe de análise da situación do centro.

Durante o primeiro trimestre do curso 2021/2022, o centro realizou a análise de situación mediante a ferramenta de autoavaliación SELFIE e o Test CDD, para así iniciou a fase de diagnose e o deseño e elaboración do Plan Dixital.

Realizamos a análise DAFO do centro a finais do segundo trimestre e o Plan de Acción ao comezo do terceiro trimestre, obtendo os obxectivos que marcarán o noso Plan Dixital. No último trimestre do curso 2021/2022, o Plan Dixital será aprobado polo Consello Escolar, unha vez oído o Claustro.

O centro poderá realizar, previo á aprobación, unha segunda análise da situación da competencia dixital de centro para a elaboración do Plan Dixital.

No curso 2022/2023, o centro procederá a implementación efectiva do Plan que estará sometido a un proceso de avaliación e mellora continua.

## **2. Situación de partida**

### **2.1. Servizos dixitais e mantemento dispoñible**

No CEIP Gregorio Sanz cóntase con EDIXGAL nos cursos 5º e 6º de Educación Primaria polo que o alumando conta con cadanseu ordenador portátil. Ditas aulas teñen tamén con Pizarra Dixital, ao igual que as aulas de 3º e 4º de Educación Primaria. No centro atopamos ordenadores na aula de informática, na sala de mestres e un ordenador por aula para o uso docente. Tamén se está levando a cabo o proxecto Digicraft de de Vodafone para o alumnado de 6º de Educación Primaria.

A ANPA oferta cursos de robótica e informática como actividades extraescolares.



Cabe dicir que os ordenadores da aula de informática non se atopan en boas condicións polo que non se poden usar de xeito correcto. Nas aulas do 1º ciclo contase con proxector pero non con pizarras dixitais.

No centro tamén están en funcionamento unha serie de servizos dixitais educativos como a páxina web do centro, aula virtual, blog de Agüeiro, e espazo Abalar.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO.

A través da Enquisa de autoavaliación SELFIE extráense os seguintes datos:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Post Secundaria
A-Liderado	Equipo Direct.	3,1				
	Profesorado	3,3				
	Alumnado					
B-Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,3				
	Profesorado	3,1				
	Alumnado	3,9				
C-Infraestructuras e Equipos	Equipo Direct.	3,1				
	Profesorado	3,2				
	Alumnado	4,3				
D-Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	3,7				
	Alumnado					
E-Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,4				
	Profesorado	3,8				
	Alumnado					
F-Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,1				
	Profesorado	3,2				
	Alumnado	3,4				
G-Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,8				
	Profesorado	2,8				
	Alumnado					
H-Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2,9				
	Profesorado	3,1				
	Alumnado	4,2				

A través do Test CDD recollemos as seguintes táboas:

Participación segundo perfil do profesorado.

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	21	24	87,5%
PROVISIONAL	2	6	33,3%
INTERINO	2	3	66,7%
SUBSTITUTO	3	4	75%
DESPRAZADO(OUTROS)			

Puntuación e nivel de competencia do centro.

Puntuación media do test (sobre192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia(sobre192)	Nivel de competencia en Galicia
76,4	Integrador/a(B1)	76,4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel competencial por etapas.

	Puntuación media do test (sobre192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia(sobre192)	Nivel de competencia en Galicia
INF.	54,7	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)
PRI.	84,5	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

## Distribución do profesorado por niveis.

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	2	7,1%
A2	9	32,1%
B1	11	39,3%
B2	3	10,7%
C1	1	3,6%
C2	2	7,1%
TOTAL	28	99,9%

Do total dos docentes que participaron obtéñense os seguintes resultados:

- 2 teñen o nivel de competencia dixital Principiante (A1), é dicir o 7,1%.
- 9 teñen un nivel de competencia dixital Explorador/a (A2), é dicir, o 32,1 %.

### 2.3. Análise DAFO.

A partir do Informe SELFIE, Test CDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUCTURAS-EQUIPAMENTO	O centro conta con EDIXGAL, con equipamentos para o profesorado e pantallas dixitais na maioría das aulas. O centro conta con Kits informáticos de préstamo para as familias.	Conexión a Internet deficitaria. Algúns equipos están obsoletos. Non conta con persoal informático externo e o encargado TICS do centro non dispón de horas suficientes.
	PERSOAL DOCENTE	Conta con unha parte do profesorado implicado e en constante formación a nivel individual.	O profesorado non conta con tempo suficiente para mellorar a metodoloxía de ensinanza coas TIC. Falta de formación básica e falta de motivación para adquirila.
	PERSOAL NON DOCENTE	O persoal administrativo do centro mellora significativamente a organización do centro.	
	ALUMNADO	O alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria forma parte do programa EDIXGAL e conta con dispositivos propios. O alumnado está interesado e motivado polas TICS.	O resto de alumnado do centro non conta con equipos informáticos para traballar individualmente e na aula de informática cóntase con equipos obsoletos e unha mala conexión a Internet.
	FAMILIAS	Dispoñen de Abalar para poder comunicarse co profesorado do centro e acceso á Aula Virtual do mesmo.	Moitas familias non teñen competencia dixital suficiente para acceder aos contidos da Aula Virtual ou manexar a ferramenta Abalar.

	OFERTA	Ofértanse cursos de formación para o profesorado. Cóntase con EDIXGAL.	Falta de tempo para poder formarse nese ámbito.
	ORGANIZACIÓN DE CENTRO	Existe unha boa predisposición para desenvolver unha estratexia dixital. Parte do profesorado está formándose e desenvolvemento de estratexias dixitais para poder levar a cabo en todas as etapas educativas do centro. Promóvese a formación en novas formas de ensinanza con tecnoloxías dixitais. Realización de reunión de centro a través da plataforma WEBEX. Intercambios virtuais a través de videoconferencias con outros centros educativos. Neste centro lévase a cabo o programa Digicraft de Vodafone.	Hai profesorado que non está a participar no desenvolvemento da estratexia dixital do centro. En xeral existe descoñecemento sobre os dereitos de autor e licencias de uso ao utilizar as tecnoloxías.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Proporciona formación dixital	Demasiada burocracia, o que implica falta de tempo para un aproveitamento maior de ofertas de formación que podan xurdir. Déficit de dotación de equipos informáticos para a actualización dos obsoletos.
	LEXISLACIÓN		Necesidade de diminuír a carga lectiva e destinar horas para a competencia dixital, para iso mencionamos a Orde do 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada laboral docente.
	CONTORNA		A contorna non ofrece oportunidades cara a formación e educación dixital.
	ANPA	Oferta cursos de informática e robótica como actividades extraescolares para o alumnado.	
	OUTRAS ENTIDADES	Programa Digicraft de Vodafone.	

### 3. Plan de Acción

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións.

Os pasos a seguir para elaborar o Plan de Acción a partir da análise DAFO foron os seguintes:

- Establecemento das liñas prioritarias e determinación dos obxectivos que se queren conseguir a curto, medio e longo prazo.
- Concrétase ata onde se quere chegar con cada un dos obxectivos e con que elementos se contan para poder acadalos. Esta información atópase nos indicadores e nos valores de partida e de chegada que se especifican para un dos obxectivos.
- Determinación das accións que se levarán a cabo para conseguir cada un dos obxectivos, así como a elección de responsables das mesmas ao igual se establece unha temporalización realista e recursos necesarios.

Os obxectivos que se especifican a continuación están contextualizados en áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg.

- **Obxectivo 1: Contratar persoal para o mantemento dos equipos informáticos e actualizar os equipos informáticos do centro.**

Este obxectivo inclúese dentro da área de mellora “Infraestrutura e equipos”. O seu obxectivo prioritario é a actualización de 28 ordenadores que se podan actualizar ou haxa que substituír. A temporalización que se prevé para acadalo é o 1º Trimestre do curso 2022/2023.



- **Obxectivo 2: Crear puntos TIC nas aulas de Educación infantil a 4º de Educación Primaria.**

Ao igual que o obxectivo anterior, forma parte da área de mellora “Infraestrutura e equipos”. Búscase a creación de 14 puntos TIC nas aulas dende Educación Infantil ata 4º de Educación Primaria. Temporalízase ao longo do 2º e 3º trimestre do curso 2022/2023.

- **Obxectivo 3: Detectar e cubrir as necesidades das familias en canto a equipamento dixital.**

A área de mellora na que se inclúe é Infraestrutura e Equipos. Búscase detectar as necesidades das familias con respecto ao equipamento dixital e proporcionarlles apoio cando sexa necesario. Realizarase no 1º trimestre do curso 2022/2023 ou sempre que xurda a necesidade.

- **Obxectivo 4: Crear redes sociais do centro para difusión de actividades.**

Este obxectivo busca poñer en funcionamento a difusión de actividades do centro a través das redes sociais (Facebook e Instagram). Inclúese dentro da área de mellora “Colaboración e redes”. A previsión estimada para a creación destas é o mes de setembro de 2022 e a difusión das actividades que vaian xurdindo ao longo do curso.

- **Obxectivo 5: Promover o uso da aula virtual por parte do alumnado e a formación deste en canto ao uso de procesadores de texto e manexo básico do ordenador.**

A área de mellora na que incluímos este obxectivo é “Competencias Dixitais do Alumando”. Busca a formación do alumando para un correcto uso da aula virtual e do manexo básico do ordenador. Temporalízase ao longo de todo o curso 2022/2023.

- **Obxectivo 6: Fomentar a participación do profesorado en cursos de formación relacionados coa educación dixital.**

Forma parte da área de mellora “Desenvolvemento profesional continuo”. Pretende a continuación coa liña de PFPP relacionada coa educación dixital e a difusión deste, para unha maior implicación por parte do profesorado. A temporalización na que se agarda acadar dito obxectivo é ao longo do curso 2022/2023.

- **Obxectivo 7: Crear actividades de aprendizaxe con ferramentas dixitais (códigos Qr, podcast...), programación e robótica.**

Inclúese na área de mellora “Pedagogía: apoio e recursos”. Busca a implicación do profesorado á hora de crear e utilizar ferramentas dixitais para realizar actividades nas súas aulas. Preténdese levar a cabo no curso 2022/2023.

Nas seguintes táboas atópanse os obxectivos establecidos para o CEIP Gregorio Sanz para o curso 2022/2023 en relación coa educación dixital. Ditas táboas serán necesarias para poder facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

**“Área/s de mellora”: Infraestrutura e equipos**

<b>a) OBXECTIVO 1(1):</b>	Contratar persoal externo para o mantemento dos equipos informáticos e actualizar os equipos informáticos do centro.		<b>Acadado</b>
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo Directivo e responsable TIC		<b>Non acadado</b>
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de ordenadores que se poidan actualizar ou que haxa que substituír.		
<b>Valor de partida (3)</b>	28 ordenadores (2 por aula)		
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Actualizar 28 ordenadores	1º Trimestre do curso 2022/2023	

**ACCIÓNS A DESENVOLVER**

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN(9)	ESTADO(10)
<b>AO1.1: Contratación de empresa externa para o mantemento de equipos</b>	Equipo Directivo	1º Trimestre	Financiación		<b>Realizada</b>
					Aprazada
					Pendente
<b>AO1.2: Revisión e actualización dos equipos informáticos para ver o estado dos mesmos</b>	Responsable TIC	1º Trimestre	Serán revisados polo responsable TIC coa axuda dunha empresa externa.		<b>Realizada</b>
					Aprazada
					Pendente
<b>A01.3:</b>					<b>Realizada</b>
					Aprazada
					Pendente

**“Área/s de mellora”: Infraestrutura e equipos**

<b>b) OBXECTIVO 2(1):</b>	Crear de puntos TIC nas aulas de Educación Infantil a 4º de Educación Primaria	<b>Acadado</b>
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo TIC	<b>Non acadado</b>
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	14 puntos Tic con 28 ordenadores.	
<b>Valor de partida (3)</b>	0 puntos TIC	
<b>Valor previsto e data (4)</b>	14 puntos TIC nas aulas	2º e 3º Trimestre

**ACCIÓNS A DESENVOLVER**

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN(9)	ESTADO(10)
<b>AO2.1: Crear 14 puntos TIC para nas aulas desde Educación Infantil a 4º de Educación Primaria</b>	Equipo TIC	2º Trimestre	28 equipos e mobiliario adaptado aos equipos e ao alumando		<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>
<b>AO2.2: Dispor en cada equipo dos contidos apropiados para cada idade</b>	Titor e Especialistas	2º/ 3º Trimestre	Listaxe de actividades propias de cada área.		<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>
<b>A02.3:</b>					<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>

“Área/s de mellora”: Colaboración e redes					
<b>c) OBXECTIVO 4(1):</b>	Crear redes sociais do centro para difusión de actividades				<b>Acadado</b>
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo Directivo ou persoa designada para esta función				<b>Non acadado</b>
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Poñer en funcionamento a difusión das actividades do centro a través de redes sociais.				
<b>Valor de partida (3)</b>	0 redes sociais				
<b>Valor previsto e data (4)</b>	2 redes sociais (Facebook e Instagram) e difusión de 3 actividades por trimestre como mínimo.			Curso 2022/2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN(9)	ESTADO(10)
<b>AO5.1: Creación de un perfil co nome do centro en Facebook e Instragram</b>	Equipo directivo ou persoa designada para esta función	30/09/2022	Conta de correo electrónico, aplicacións e dispositivo móbil, ordenador ou tablet.		<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>
<b>AO5.2: Asignar responsables de ambas redes sociais e facilitar contrasinais</b>	Equipo directivo ou persoa designada para esta función	30/09/2022	Conta de correo electrónico, aplicacións e dispositivo móbil, ordenador ou tablet		<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>
<b>AO5.3: Difusión de actividades realizadas no centro a través das redes sociais ( mínimo 3 por trimestre )</b>	Equipo directivo ou persoa designada para esta función	21/06/2023	Fotos das actividades realizadas no centro, aplicacións e dispositivo móbil, ordenador ou tablet.		<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>

## “Área/s de mellora”: Competencias dixitais do alumnado

<b>d) OBXECTIVO 5(1):</b>	Promover o uso da aula virtual por parte do alumnado e a formación deste en canto ao uso de procesadores de texto e manexo básico do ordenador	<b>Acadado</b>
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinador TIC	<b>Non acadado</b>
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Nº de actividades levadas a cabo co alumando na Aula Virtual do centro por docente implicado (Instrumento de medida: enquisas aos docentes implicados)	
<b>Valor de partida (3)</b>	Durante este curso, un pequeno número de profesorado traballou de forma puntual na AV co seu alumnado.	
<b>Valor previsto e data (4)</b>	5 actividades realizadas co alumando na AV por docente implicado.	30/06/2023

### ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN(9)	ESTADO(10)
<b>AO6.1: Crear os cursos e matricular ao profesorado e alumando na AV do centro.</b>	Coordinador TIC	Novembro 2022			<b>Realizada</b>
					Aprazada
					Pendente
<b>AO6.2:Publicar as actividades nos cursos correspondentes da AV do centro.</b>	Profesorado da materia	31/03/2023	Actividades creadas		<b>Realizada</b>
					Aprazada
					Pendente
<b>A06.3:Formar ao alumando para o correcto uso da AV así como no manexo básico do ordenador.</b>	Profesorado da materia	30/03/2023	Actividades publicadas na aula virtual.		<b>Realizada</b>
					Aprazada
					Pendente

“Área/s de mellora”: Desenvolvemento Profesional continuo					
<b>e) OBXECTIVO (1):</b>	Fomentar a participación do profesorado en cursos de formación relacionados coa educación dixital				<b>Acadado</b>
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo Directivo				<b>Non acadado</b>
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Continuar coa liña de PFPP relacionada coa educación dixital e difusión entre o profesorado.				
<b>Valor de partida (3)</b>	Un PFPP con dúas liñas: Plan Dixital e Creación de Recursos Dixitais na que está implicado o 20 % do profesorado e dinamizacións.				
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Implicación do 80 % do profesorado			Curso 2022/2023	
ACCIÓN A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN(9)	ESTADO(10)
<b>AO7.1: Información ao Claustro sobre a importancia de implicarse na posta en marcha dunha educación dixital</b>	Equipo Directivo	1º Trimestre			<b>Realizada</b>
	Asesor CFR				<b>Aprazada</b>
	Persoa Coordinadora do PFPP				<b>Pendente</b>
<b>AO7.2: Solicitud da creación dun PFPP con varias liñas para poder formarse en educación dixital</b>	Equipo Directivo	1º Trimestre	Solicitud	Conexión a internet	<b>Realizada</b>
	Asesor CFR				<b>Aprazada</b>
	Persoa Coordinadora do PFPP				<b>Pendente</b>
			Dispositivos dixitais (tablets, ordenadores, robots...)		

<b>A07.3: Realización de dinamizacións e actividades propostas no PFPP.</b>	Equipo Directivo	2º / 3º Trimestre	Conexión a internet		Realizada
	Asesor CFR				Aprazada
	Persoa Coordinadora do PFPP				Pendente
	Claustro				



**“Área/s de mellora”: Pedagogía: apoio e recursos**

<b>f) OBXECTIVO 7(1):</b>	Crear actividades de aprendizaxe con ferramentas dixitais (códigos QR, podcast...), programación e robótica.	<b>Acadado</b>
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo de Plan Dixital, titores e especialistas	<b>Non acadado</b>
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Porcentaxe de profesorado que utilizan ferramentas dixitais para realizar actividades nas súas aulas	
<b>Valor de partida (3)</b>	8% do profesorado	
<b>Valor previsto e data (4)</b>	80% do profesorado	Curso 2022/2023

**ACCÍONS A DESENVOLVER**

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN(9)	ESTADO(10)
AO8.1: Crear grupo de traballo encargado da formación e da mentorización sobre programas dixitais.	Equipo directivo	1/10/2022			<b>Realizada</b>
					Aprazada
					Pendente
AO8.2: Fomentar a titorización entre iguais para formar as persoas titoras en programas dixitais.	Profesorado do grupo de traballo	22/12/2022			<b>Realizada</b>
					Aprazada
					Pendente
AO8.3: Potenciar o uso de diversas ferramentas dixitais para utilizar co alumnado.	Persoas titoras	20/6/2023			<b>Realizada</b>
					Aprazada
					Pendente

### 3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Neste apartado especifícanse as necesidades de equipamento e infraestruturas tecnolóxicas necesarias para poder poñer en funcionamento o Plan Dixital:

#### - Infraestruturas dixital:

- Aínda que se fixo o cableado no edificio é necesaria unha revisión de conexión a Internet para unha mellor calidade deste servizo.

- Mellora da telefonía do centro, incluída unha megafonía interna para a comunicación co edificio docente dende o edificio de administración.

#### - Equipamento

É necesario destinar partidas específicas para unha dotación de equipamento informático para:

- Sala de mestres, 4 equipos. Os que hai atópanse obsoletos e non prestan un servizo de apoio ao profesorado adecuado. O profesorado acostuma a usar estes para buscar recursos que apoian a súa práctica docente e a preparar materiais específicos tanto para o traballo de aula como para as distintas actividades que se realizan no centro.

- 1 equipo para a biblioteca do centro, cuxo obxectivo é a realización do soporte informático necesario para levar a cabo a xestión de catálogo de libros, consulta e préstamo.

- Administración. A administración do centro necesita equipos informáticos en condicións axeitadas para que se poda prestar un servizo óptimo á comunidade educativa.

- Aulas docentes e aulas de especialidades. O profesorado debe contar con equipamento informático e dixital axeitado para apoiar a súa práctica docente con materiais e recursos necesarios.

- Dotación de Pizarras Dixitais Interactivas (PDI) para as 4 aulas de 1º e 2º de Educación Primaria para unha mellor acceso á educación dixital. Actualmente contan con unha tea de proxección a cal non permite aos nenos interactuar coa pantalla ou aplicacións que se poderían usar nunha PDI.

- Reposición de 28 ordenadores para a aula de informática xa que os que hai se atopan obsoletos. O obxectivo da reposición destes é que o alumando poda acceder de xeito sinxelo e sen incidencias aos contidos que se vaian a tratar e se podan facer as sesións de xeito continuado e sen interrupcións.

- 1 fotocopiadora para o edificio onde se atopan as aulas do centro. Este recurso sería axeitado para que o profesorado tivese este recurso ao seu alcance, sen necesidade de desprazarse ao edificio administrativo cando fose necesario facer fotocopias, o cal resulta un inconveniente importante.

**- Servizos dixitais educativos:**

- Mellora do espazo abalar para que sexa máis accesible e intuitivo para levar a cabo a práctica docente.

- Mellora do espazo Agüeiro debido a que existen deficiencias na configuración deste.

Realízase unha proposta de mellora mediante unha solicitude á UAC relativa a actualización e revisión do equipamento informático existente. Neste centro existe unha necesidade de expurgo dos equipos informáticos obsoletos.

## 4. Avaliación do PD

### 4.1. Seguimento do Plan de Acción

O procedemento de seguimento e avaliación do Plan Dixital en relación co grao de consecución de obxectivos nos seguintes contextos:

- No contexto da **avaliación procesual**, a frecuencia da súa realización, que será como mínimo unha vez ao trimestre, e os aspectos a valorar, que serán, como mínimo, o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora. En cada sesión de avaliación trimestral levantarase acta dos temas tratados.

No contexto da **avaliación final** mediante os correspondentes instrumentos, a frecuencia da súa realización, que será como mínimo unha vez ao ano, e os aspectos a valorar, que serán, como mínimo, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

### 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

En canto á estratexia para dar publicidade ou difusión do plan dixital entre a comunidade educativa levarase a cabo a través da páxina web do centro, onde todos os membros da comunidade educativa poderán consultalo. Previamente será oído polo Claustro do CEIP Gregorio Sanz e aprobado polo Consello escolar.

O Plan Dixital estará a disposición de toda a comunidade educativa, tanto na páxina web como na Secretaría/Administración do centro.

